


CUMIEIRA

Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega

Departamento de Filoloxía Galega e Latina

Vol. 10 - 2025

Xosé A.
Fernández Salgado
(ed.)



Universidade de Vigo

Departamento de
Filoloxía Galega e Latina

CUMIEIRA

*Cadernos de investigación
da nova Filoloxía Galega*

Vol. 10 - 2025

Xosé A. Fernández Salgado (ed.)

Departamento de Filoloxía Galega e Latina

UNIVERSIDADE DE VIGO

Cumieira : Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega. Vol. 10/Xosé A. Fernández Salgado (ed.). -- Vigo: Universidade de Vigo, Departamento de Filoloxía Galega e Latina, 2025

184 p.; 24 cm

D.L. VG 620-2025

ISBN: 978-84-1188-083-1

1. Filoloxía Galega. I. Fernández Salgado, Xosé Antonio, ed. lit. II. Universidade de Vigo, Departamento de Filoloxía Galega e Latina, ed.

© Departamento de Filoloxía Galega e Latina (Universidade de Vigo)

© Xosé A. Fernández Salgado, Sandra Comesaña Pires, Natalia Otero Oubiña, Ariel Quintela Sesar, Olalla Vizoso González, Silvia Miguélez Trabazos

© Xosé A. Fernández Salgado (ed.)

Revisión científica do volume 10:

Xosé-Henrique Costas González (UVigo), Benigno Fernández Salgado (UVigo), Alexandre Rodríguez Guerra (UVigo) e Xosé A. Fernández Salgado (UVigo)

Maquetación: Xosé A. Fernández Salgado

Deseño da portada: Tania Sueiro (Área de Imaxe da Universidade de Vigo)

Edición:

Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo
Facultade de Filoloxía e Tradución
Campus das Lagoas-Marcosende - 36310 Vigo

Impresión: Gráficas Muriel

Dep. Legal: VG 620-2025

ISBN: 978-84-1188-083-1

CUMIEIRA. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega aparece recollida nas bases de datos DIALNET e BILEGA, no *Catálogo Italiano dei Periodici* ACNP (Università di Bologna), en *Linguistic Bibliography* e Brillonline de BRILL e na *Linguistic Open Access Journals*, compiled by Jan Szczepanski.

Índice/*Index*

- 9** Limiar /
Introduction
- 11** XOSÉ A. FERNÁNDEZ SALGADO
Dez anos de Filoloxía Galega na revista *Cumieira* (2016-2025) /
A Decade of Galician Philology in the Journal Cumieira (2016-2025)
- 39** SANDRA COMESAÑA PIRES
Estratexias e retos das familias na transmisión e mantemento do galego
en Vigo / *Strategies and Challenges of Families in the Transmission and
Maintenance of Galician in Vigo*
- 61** NATALIA OTERO OUBIÑA
Galego e castelán en contacto no audiovisual de Galicia: o caso da serie
Fariña / *Galician and castilian languages in touch on the Galicia's
audiovisual industry: the case of series Fariña*
- 107** ARIEL QUINTELA SESAR
Bases para un dicionario LGBT+ Galego / *Basis for a Galician LGBT+
Dictionary*
- 139** OLALLA VIZOSO GONZÁLEZ
Variación lingüística nos concellos de Tui e Tomiño: as variantes
relacionadas co seseo / *Linguistic variation in the municipalities
of Tui and Tomiño: the variants related to seseo*
- 177** Recensións / *Reviews*
Costas, Xosé-Henrique (2025): *A fala de Vigo*. Vigo: Área de Normalización
Lingüística da Universidade de Vigo / Concello de Vigo / Faladoiros Vigo
por SILVIA MIGUÉLEZ TRABAZOS
- 179** Autoras e autores de *Cumieira*, Vol. 10 /
Cumieira's authors
- 180** Normas para o envío de orixinais /
Manuscript submissions guidelines. Information for authors

GALEGO E CASTELÁN EN CONTACTO NO AUDIOVISUAL DE GALICIA: O CASO DA SERIE *FARIÑA*

*Galician and Spanish in contact in Galicia's
audiovisual media: the case of the series Fariña*

Natalia Otero Oubiña

Universidade de Vigo
nataotero2@gmail.com

DOI: <https://doi.org/10.35869/cumieira.v10.25.3>

Resumo: A variedade do castelán falada en Galicia que se emprega na serie *Fariña* tivo un impacto moi positivo entre o público receptor. O auxe nos últimos anos de películas e series ambientadas en Galicia, nas que se recorre a esta variedade lingüística, despertou o noso interese polos trazos do galego que adoitan manifestarse de maneira particular no castelán de Galicia en todos os niveis da lingua. Os galeguismos que configuran esta variedade, coñecida popularmente como «castrapo», veñen sendo obxecto de estudo por parte de diversos autores desde o século XIX. Neste traballo analizamos cales destes trazos son aproveitados polos lingüistas do ámbito audiovisual —con especial atención aos planos fonético e morfosintáctico— para dotar de verosimilitude os personaxes. Tomaremos como exemplo o traballo de Rosa Moledo no capítulo 1 da serie *Fariña*.

Palabras clave: contacto de linguas, astelán de Galicia, castrapo, series de TV galegas, *Fariña*.

Abstract: The variety of Spanish spoken in Galicia and used in the series *Fariña* has had a highly positive impact on its audience. The recent rise in films and television series set in Galicia, which incorporate this linguistic variety, has sparked our interest in the Galician linguistic features that are particularly present in the Spanish spoken in the region, across all linguistic levels. The Galicianisms that characterize this variety—commonly referred to as *castrapo*—have been studied by various scholars since the 19th century. In this paper, we will examine which of these features are currently employed by audiovisual linguists—focusing in particular on the phonetic and morphosyntactic levels—to enhance the authenticity of characters. As a case study, we will refer to Rosa Moledo's analysis of episode 1 of the series *Fariña*.

Keywords: language contact, Spanish spoken in Galicia, *castrapo* (a hybrid or mixed Spanish-Galician variety), TV series from Galicia, *Fariña*.

CUMIEIRA. *Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*

Dpto. de Filoloxía Galega e Latina, Universidade de Vigo

Vol. 10, 2025, pp. 61-105, ISBN: 978-84-1188-083-1

1. Introducción¹

O contacto do castelán co galego, a lingua propia do país, comezou a facerse especialmente patente a partir do século XIX e, sobre todo, dende a segunda metade do XX, cando o castelán se instaurou como lingua oficial e obrigada na escola e de uso case exclusivo nos distintos medios de comunicación (prensa, radio, TV, cine e, actualmente, tamén na Internet e nas redes sociais).

Os préstamos e as interferencias nos distintos niveis lingüísticos —fonético, morfosintáctico e léxico-semántico— fóronse producindo nas dúas direccións: tanto do castelán no galego (sen dúbida, moito máis notorias polo estatus social superior que historicamente ostentou como lingua A sobre o galego), coma do galego no castelán.

Agora ben, a xa longa convivencia e a proximidade entrambas as linguas foi así mesmo provocando que nos falantes fosen xurdindo variedades lingüísticas máis ou menos «mixtas» e particulares: isto é, un castelán rexional de Galicia, agalegado —evidente por exemplo en aspectos fónicos como o «acento»—, comunmente denominado polos falantes *castrapo*; e un galego castelanizado —bastante interferido por exemplo no léxico e nalgún aspecto morfolóxico— ao que os falantes chaman *gallego* ou *ghallegho*, precisamente cunha palabra do outro idioma.

Nas últimas décadas asistimos a unha demanda crecente de series e filmes ambientados en Galicia e unha das primeiras cuestións que a miúdo deben resolver as produtoras e os equipos de dirección é a lingua en que se vai rodar. Parecería lóxico que, se o produto audiovisual está ambientado en Galicia, a rodaxe se fixese en galego co fin de conseguir a verosimilitude. Porén, sabemos que, por cuestións habitualmente comerciais, esta opción é a minoritaria, malia ir aumentando nos últimos anos o número de produtos rodados orixinariamente en galego (*O sabor das margaridas*, 2018; *Matria*, 2023, *O Corno*, 2023 etc.).

Agora ben, unha vez asumido que a lingua de rodaxe será o castelán, queda por resolver a variedade que cómpre empregar. A primeira opción é utilizar unha variedade estándar ou supradialectal, chamada comunmente «neutra»; mais en prol da citada verosimilitude, outra alternativa é a dunha variedade que reflecta algúns aspectos lingüísticos do castelán falado en Galicia.

¹ Quero mostrar o meu agradecemento ao meu titor Xosé A. Fernández Salgado, sen quen o TFG que posibilitou este artigo, nunca sería posible; así como á lingüista Rosa Moledo pola súa constante disposición e por toda a información que tan amablemente nos trasladou durante a redacción deste traballo.

Nos últimos anos parece haber un auxe destes produtos que botan man dos trazos deste castelán, o que fai que o audiovisual, eido clave na conformación de pensamento colectivo, así como elemento fundamental de normalización lingüística, requira do estudo e da aplicación profesional desta variedade.

2. Obxectivos e metodoloxía

Este traballo pretende detectar os galeguismos na variedade do castelán empregada na serie de TV *Fariña* (2018), o produto de Atresmedia que levou o *castrapo* a insólitas cotas de audiencia e que supuxo, dende o punto de vista lingüístico, un antes e un despois no audiovisual, tanto dentro coma fóra das nosas fronteiras.

Partimos da revisión bibliográfica dos traballos do século XIX e XX sobre os galeguismos detectados no castelán de Galicia dende diferentes perspectivas, para posteriormente realizar a análise lingüística nos niveis fonético-fonolóxico, morfosintáctico e léxico-pragmático do texto correspondente ó guión do capítulo 1 da serie, de 1:07:40 de duración². No exame lingüístico, foinos de grande apoio o informe de uso interno elaborado e cedido de xeito desinteresado por Rosa Moledo, a asesora lingüística da serie³.

3. Contacto e hibridismo lingüístico

A idea de que a estrutura dunha lingua inflúe na maneira de percibir o mundo dos seus falantes relaciónase co lingüista Edward Sapir, ideas que despois ampliou o seu discípulo Benjamin Lee Whorf (Wardhaugh 1992: 252). A lingua galega, por tanto, pode ser unha condición suficiente para expresar a cultura galega. Lingua, cultura e sociedade son tres vértices mutuamente dependentes.

O aumento da mobilidade xeográfica e a globalización incrementou o contacto de linguas e os fenómenos de hibridación. Wardhaugh (1992: 130) sinala que «é probable que os falantes monolingües sexan bastante críticos con respecto á mestura de códigos», por iso adoitan referirse á súa variedade mesturada de galego e castelán con termos pexorativos como *castrapo* ou *chapurrao*. Para Gugenberger (2013: 41), estas actitudes son «un reflexo de ideoloxías puristas que aínda seguen vixentes».

² O capítulo pode verse neste enlace: <https://www.atresplayer.com/antena3/series/farina/>.

³ O texto reproducése no Anexo deste traballo; referirémonos a el como «Pautas lingüísticas».

Neste sentido, Monteagudo (2005: 417) fala de «interlectos inestables: modalidades fortemente galeguizadas do castelán rexional (*castrapo*) e severamente castelanizadas de galego popular (*chapurreado*)», malia que o *castrapo* é habitualmente entendido no sentido contrario; é dicir, como un galego popular cheo de castelanismos (Iglesias 2013).

Guillermo Rojo (1985: 612) reconece que existe un *bilingüismo social* cando unha comunidade emprega de maneira regular dous sistemas lingüísticos, igual que pasa en Galicia co galego e o castelán. O principal aspecto que distingue o bilingüismo da diglosia é que esta se basea na desigualdade, pois unha das linguas, ou variedades, é a socialmente prestixiada. Ferguson (1959) identifícaa como a variedade «alta» (A) que se impón sobre a «baixa» (B), o que dá lugar ao conflito lingüístico. Rojo (1985: 614) fala de *diglosia de adscrición*, pois «cada sistema lingüístico puede ser considerado como característico o distintivo de una determinada clase social». A variedade estándar dunha lingua é ao que chamariamos *acrolecto* dende un punto de vista sociolectal (véxase Dubert 2002) e é a que se adoita empregar nas situacións de rexistro formal, nomeadamente, nos medios de comunicación.

Canto á hibridación, Gugenberger (2013: 31) deféndeala como unha práctica antipurista que se opón «ás actitudes pexorativas cara á mestura que se manifesta en expresións como *chapurreo*, *castrapo* [...]». Ana Iglesias (2013) confirma a idea de Gugenberger (2013) de que a hibridación amplía o repertorio lingüístico dos falantes, ademais de manteren estas actitudes moi positivas cara ao chamado *castrapo*, o cal, asegura, goza «dun elevado poder simbólico e emocional» e funciona «tanto a nivel afectivo como identitario» (2013: 187). Por último, e verbo do *castrapo*, Rosa Moledo falaba así nunha entrevista para Praza.gal:

Eu [...] non lle chamaría «castrapo» a nada. Pero se imos por aí a certas cidades ou vilas galegas, oes formas de falar ás veces que si que parecen ficción. Eu non sei como chamarlle a esa lingua que se escoita pola rúa: ten a música do galego, ten as construcións do galego, ten palabras en español polo medio, ten perífrases do galego, o acento... e é xente que pensa que fala en castelán, pero iso de castelán ten pouco. [...] eu téñolle chamado «español-galego», se cadra temos que facer coma co spanglish e chamarlle «espagal»... En todo caso é un idioma que existe, [...] está na rúa (Yáñez 2018).

3. O castelán de Galicia

O prolongado contacto entre o galego e o castelán (tanto dende unha perspectiva lingüística coma sociolóxica) dentro das nosas fronteiras lingüísticas, así como o uso (ou abuso) da lingua común do Estado, é unha realidade imposible de obviar.

Segundo detectou Fernández Salgado (2007: 766), «a historiografía lingüística galega concentrouse nos textos en que o galego era o obxecto preferente de reflexión», e engade: «este modo de proceder deixou fóra de foco de atención a maior parte da produción gramatical galega do século XIX». O método contrastivo, é dicir, aquel que estuda os trazos do galego pero só a partir das distincións co castelán, é o primeiro estudo que temos dos aspectos lingüísticos propios do galego.

Así, no século XIX publicáronse pequenas obras ou manuais, de clara doutrina purista, que tiñan como obxectivo a aprendizaxe correcta do castelán nas escolas de Galicia. As obras de Graña y Orje (1867), Álvarez Giménez (1870 e 1890) e García Vázquez de Queipo (1884), destinadas á corrección de «faltas», «malos hábitos provinciales», «defectos en la pureza del lenguaje», «palabras puras e impropias» ou dos «vicios en la locución», dan conta dunha tradición de represión do galego nas escolas; pero tamén da vitalidade e fortaleza do galego nun contexto xa daquela desfavorable.

Segundo Fernández Salgado (2007: 769), «o seu vigor, contaminando coa súa fonética e coa súa gramática o castelán, é de feito a razón pola que aparecen os manuais e tratados de corrección lingüística destinados de maneira principal ós nenos», malia ter a implantación do castelán no ensino un fin claramente centralista e de homoxeneización lingüística en todo o Estado. Con todo, estas breves obras, continentes dunha evidente lingüística prescritiva, non parecen máis que responder ás demandas da época de ofrecer unha solución para a instrución do código necesario para ter unha posibilidade, por mínima que fose, de ascenso social.

Xa no primeiro terzo do século XX, Armando Cotarelo y Valledor (1927) fala dun «dialecto agallegado», mais aínda con evidentes connotacións negativas. Haberá que agardar corenta anos máis ata que Xesús Alonso Montero (1966) cite o «castelán de Galicia» ou o «castelán galego», prescindindo de tales connotacións. Un ano despois, Manuel Rabanal é o primeiro destes autores en falar de «castrapo» e «castejano», pero tamén de «verdadero dialecto moderno del castellano» (1967: 13).

Xa contra finais do século XX é Constantino García (1984) quen elabora máis directamente un compendio de trazos do castelán de Galicia que, co avance no estudo da sociolingüística, pasa a definilos como «interferencias»; distingue dous dialectos ben definidos: «un dialecto agallegado do castelán» e un «dialecto castelanizado do galego». Rojo (2005: 1090) rexeita que estes trazos se traten realmente de interferencias, xa que o fenómeno parece abranguer moito máis, e fala de «casos de integración de fenómenos propios del gallego que se han incrustado en el español [...] y que forma parte de lo que han aprendido como lengua».

Ese novo código non é galego, pero tampouco se pode dicir que sexa castelán, senón unha versión dun castelán modificada polo galego como substrato e que crea un modelo lingüístico propio e particular que os paisanos comparten e transmiten ás novas xeracións. Para Rojo (2005: 1091) o trazo «procedente de la interferencia se generalizará y pasará a ser realmente un caso de integración».

Século	Autoría	Ano	Denominación dos trazos e/ou da variante lingüística
XIX	V. Graña y Orje	1867	Faltas, defectos, malos hábitos provinciales
	E. Álvarez Giménez	1870	Faltas (defectos) en la pureza del lenguaje. Palabras impuras
	A. García Vázquez de Queipo	1884	Vicios de la locución
	E. Álvarez Giménez	1890	Defectos del lenguaje
XX	A. Cotarelo y Valledor	1927	Dialecto agallegado
	X. Alonso Montero	1966	Castelán de Galicia. Castelán galego
	M. Rabanal	1967	Castellano agallegado. Dialecto del castellano de Galicia
	C. García	1984	Interferencias. Dialecto agalegado
	C. García e L. Blanco	1998	Castellano agallegado. Chapurrao
XXI	A. Porto Dapena	2001	Español en Galicia. Castellano en Galicia
	G. Rojo	2005	Español de Galicia
	P. García Moutón	2007	Español de los habitantes gallegos

Táboa 1. Denominacións dos trazos galegos no castelán de Galicia e da variedade, segundo diversos autores.

Canto ao eido literario, unha das autoras que máis destacou na creación dunha lingua «híbrida», para poñer os seus personaxes galegos a intentaren falar castelán, foi Emilia Pardo Bazán. Malia a súa xa coñecida postura contra o uso do galego como lingua de cultura, Pardo Bazán emprendeu un labor etnográfico no que recolleu os trazos do galego máis característicos que se trasladaban ao castelán; é dicir, nalgunha das súas obras ambientadas en Galicia tentou reproducir o castelán de Galicia (véxase González e Soto 2000). Tamén se poden atopar galeguismos na obra en castelán doutros autores galegos como Valle Inclán, C. J. Cela ou Torrente Ballester.

Na Táboa 1 da páxina anterior, de elaboración propia, recollemos as distintas denominacións que viñeron recibindo os galeguismos e a variedade do castelán de Galicia, segundo a bibliografía citada neste apartado.

4. A variedade de castelán empregada na serie *Fariña*

Fariña é a serie baseada na obra homónima do xornalista e escritor Nacho Carretero, publicada en setembro de 2015 pola editorial Libros del K.O. A novela narra a historia do narcotráfico en Galicia dende os comezos ata o momento da publicación, con especial atención á década dos anos 80 do século pasado e ao proceso xudicial da chamada «Operación Nécora» nos anos 90, na que senlleiros traficantes de tabaco que operaban nas rías galegas foron arrestados (Carretero 2015). O 28 de febreiro de 2018 estreouse en aberto o primeiro capítulo, dos dez que ten a serie, na canle de TV Antena 3 e acadou altas cotas de audiencia⁴ e unha moi boa recepción por parte da opinión pública. No mesmo ano, ordenouse o cesamento da comercialización da novela por unha denuncia do exalcalde do Grove Bea Gondar (véxase González 2018), algo que contribuíu á popularidade da serie.

Fariña, por tanto, é unha serie rodada en Galicia, creada, dirixida e producida por profesionais galegos, coa maior parte do cadro artístico galego e unha historia baseada en feitos reais ocorridos en Galicia⁵.

⁴ Segundo González (2018): «'Fariña' se convirtió en la emisión más vista de la noche (21,5 % de share), con 3,4 millones de espectadores».

⁵ A serie de Bambu Producciones, distribuída por Atresmedia, foi creada por Ramón Campos, Gema Neira, Cristóbal Garrido e Diego Sotelo (González 2018) e foi dirixida por Carlos Sedes e Jorge Torregrossa. Javier Rey, Carlos Blanco, Antonio Durán «Morris» e Manuel Lourenzo son os actores que representaron os principais capos do narcotráfico en Galicia na época. O cadro interpretativo complétase con Tristán Ulloa, Isabel Naveira, Xosé Antonio Touriñán, Tamar Novas, Monti Castiñeiras, Marta Larralde ou Eva Fernández, entre outros moitos. Foi gañadora do Premio Ondas en 2018 e do Premio Feroz en 2019.

Con todo, entendemos que, unha vez máis por criterios comerciais, decidiuse que a serie fose rodada en castelán, pero a dirección de *Fariña* pensou que debía soar a galego (Yáñez 2018). Para conseguir este reto, decidiuse acudir a unha profesional do asesoramento lingüístico, neste caso a Rosa Moledo⁶. O factor lingüístico converteuse nun dos máis característicos e laudados da serie pola opinión pública e mesmo pareceu marcar un antes e un despois no audiovisual galego e nacional.

4.1. Aspectos fonéticos e fonolóxicos

Unha das características máis repetidas polos estudosos do castelán de Galicia, fose dende a perspectiva que fose, é a cuestión do «acento galego»; é dicir, o conxunto de características peculiares da pronunciación propia dos falantes galegos. Tamén é a primeira pauta na que Moledo fai fincapé nas «Pautas lingüísticas» (véxase o Anexo); e, igualmente, repetiuse nas moitas opinións, críticas e recensións que recibiu a serie na prensa, como esta do Faro de Vigo (31/05/2016), na que se que amosaba o impacto que estaba xerando o traballo lingüístico na serie, aínda que non só polo «acento»:

El acento, los rasgos propios del habla y expresiones enxebres están siendo claves en el éxito de la serie [...] la entonación, la sintaxis o la ausencia de tiempos compuestos, 'Fariña' está popularizando expresiones y rasgos propios del gallego de una manera asombrosa. [...] 'Fartos' de que en muchas ocasiones la falta de verosimilitud estropee un buen argumento [...] Habrá quien piense que esto es banal [...] cualquier modo de visibilizarlo, con su fonética y sus expresiones, es algo positivo. Especialmente si se acerca a los jóvenes⁷.

⁶ Rosa Moledo é asesora lingüística e tradutora no audiovisual dende hai máis de 30 anos. Pérez Pena (2024) di que «como tradutora ten no seu haber numerosos traballos [...] *Sei quen es, A lingua das bolboretas, Lena, Os luns ao sol, 13 badaladas, O lapis do carpinteiro, O ano da carracha, Cela 211, Engurras* [...]». Como asesora lingüística, o seu traballo máis lembrado é o de *Mareas vivas* (1999), serie ambientada na Costa da Morte en que, por primeira vez, se introducían os trazos dialectais da zona, fenómeno que supuxo un punto de inflexión no audiovisual galego (Yáñez 2018). Tamén traballou en *El caso Asunta* (2024) e no eido do teatro (Pérez Pena 2024). Recibiu o III Premio de Honra Dolores Ben, outorgado pola AGAPI (Asociación Galega de Protutoras Independentes). Véxase: <https://www.agapi.gal/rosa-moledo-distinguida-co-iii-premio-de-honra-dolores-ben/> [consultado o 15 de xuño de 2024].

⁷ Dispoñible en: <https://www.farodevigo.es/sociedad/2018/03/31/sapoconcho-choio-da-farina-expresiones-16037224.html> [consultado o <15 de xuño de 2024>]

Como se conseguiu este «acento galego» na variedade de *Fariña*? Consideramos que a partir, sobre todo, de dous trazos fónicos: a entoación e o mantemento do sistema vocálico propios do galego. A estes habería que engadir, nun segundo plano, o trazo consonántico da pronuncia do *-n* implosivo final como velar —o habitual no galego— e outro de prosodia relativo á resolución dos encontros vocálicos na cadea por medio de variadas supresións, elisións e contraccións. Vexamos estes e outros aspectos no noso corpus de análise pertencente ao capítulo 1 da serie.

4.1.1. A entoación

Conforme Regueira *et al.* (1998: 81), a entoación é a variación de ton (altura) con que se pronuncian os diferentes sons dunha secuencia, así como tamén a variación da intensidade e da duración entre uns sons e outros. Pola súa parte, Freixeiro Mato (2006: 234) engade que «ao acento de altura ou ton tamén se lle chama acento musical» e precisa que «a melodía é a manifestación fonética da entoación». A entoación é un aspecto paralingüístico fundamental para a interpretación da mensaxe. Só con ela podemos situar diatopicamente unha persoa falante (se ten entoación galega, probablemente sexa galega ou estivo en longo contacto coa lingua). Moledo, na entrevista con María Yañez (2018), pon este aspecto por riba do discurso mesmo, cando afirma que «a letra é moi importante, pero a música é fundamental. Ti pódelle dar toda a letra do mundo pero como non recoñezas a música, non te vas recoñecer nesa lingua».

Nas «Pautas lingüísticas» (Anexo), Moledo segue apuntando que «a nosa entoación é sempre descendente, nunca ascendente» e que «atacamos unha frase sempre desde arriba e sempre vai caer na última sílaba»; pero tamén advirte: «Dispoñemos de todas as curvas de entoación que precisemos para expresar o que queiramos en cada momento». A lingüista pon a luz nun aspecto non comentado ata o momento, mais de suma importancia, que é a cuestión da acentuación: «sempre acentuamos onde é debido», é dicir, a intensidade da nosa pronuncia recae na vogal tónica. Con todo, hai excepcións, pois é moi habitual a pronuncia paroxítona do interrogativo *por que* ['porke] en inicio de frase ou cláusula interrogativa cando lle correspondería que fose oxítona [por'ke]. Deste fenómeno xa deu conta Rojo (2005: 1094) cando estudou as particularidades fonéticas do castelán de Galicia.

Na serie hai un exemplo disto na intervención de Paquito, cando di:

(36:38) Paquito: **pórque** va a decir que no? ⁸

⁸ Nos exemplos indícase a minutaxe en que aparece o personaxe e o fragmento.

Verbo da entoación do galego, Freixeiro Mato (2006: 236) advirte de que se caracteriza «por un considerábel aumento cuantitativo da vogal sobre a que se manifesta a inflexión tonal». Moledo asegúralles aos actores e ás actrices nas «Pautas lingüísticas» que entre a entoación propia e a correcta acentuación «teremos xa o 50% da música». Segundo Freixeiro Mato (2006: 236), o campo de entoación do galego é dicir, a distancia entre o tonema máis alto e o máis baixo, é de arredor de dúas oitavas máis altas ca no castelán.

Isto pode explicar que a xente de fóra teña «a sensación de que as persoas galegas cantan ao falaren», algo xa comentado por Rojo (2005: 1093): «Su entonación peculiar es, sin duda, uno de los rasgos más llamativos del español de Galicia [...] en términos coloquiales, los no-gallegos sienten que los gallegos [...] «cantan» al hablar en español». Porén, Moledo é tallante ao lembrar nas «Pautas lingüísticas» que os galegos e as galegas «non [...] falamos coma se tivésemos sempre música de gaita de fondo».

O galego ten moitas posibilidades entoativas, pero distínguense catro grandes modalidades: os enunciados declarativos ou aseverativos, os interrogativos, os exclamativos e os imperativos (Fernández Rei 1997: 243-252; Regueira *et al.* 1998: 82-84).

A continuación mostramos algúns gráficos que conteñen a *Pitch* ou a curva de entoación extraídos co programa Praat de fonética acústica. Este tipo de gráficos reflicten a diferenza de alturas ou frecuencias nun enunciado dado, que pode estar formado por un ou máis grupos fónicos. Os enunciados pertencen a fragmentos do capítulo 1. Por cuestións de espazo só citaremos algúns exemplos en cada epígrafe.

a) Enunciados declarativos ou aseverativos

Os Gráficos 1 e 2 representan a curva melódica de dúas aseveracións rexistradas no capítulo que analizamos. Estes dous gráficos dan conta da diferenza que pode haber na entoación entre un fragmento de castelán con fonética galega (Gráfico 1, co personaxe de Oli) e outro de castelán «neutro» (Gráfico 2, co personaxe de Baltasar Garzón).

O fragmento con entoación galega (Gráfico 1), alén de desenvolverse nun ton visiblemente máis elevado, presenta neste caso máis diferenza de altura entre vogais tónicas e átonas, por iso a curva presenta «picos» máis pronunciados ca no caso da castelá (Gráfico 2). Ademais, o enunciado é atacado dende máis arriba e a caída final é considerablemente máis pronunciada.

Esta comprobación, confirma o dito por García (1984: 118): «Frente á curva melódica castelá [...] o galego forma unha liña quebrada».

Con todo, hai algo que non se debe obviar e que podería influír, xa que, dende o punto de vista diafásico, o primeiro gráfico pertence a un contexto informal (Oli está no bar cos amigos), mentres que o segundo presenta un rexistro formal (Baltasar está no traballo). As situacións de informalidade, normalmente, presentan máis riqueza entoativa, por iso sempre hai que ter en conta a pragmática da lingua.




Gráfico 1. (08:24) Oli: *Un día te matas si no lo hacen antes los contrabandistas.*




Gráfico 2. (02:09) Baltasar: *No podemos cometer ningún error.*

Entre os Gráficos 3 e 4 seguintes, tamén podemos establecer unha comparativa entre fragmentos de castelán con entoacións galega e castelá.




Gráfico 3. (12:20) Oubiña: *Me llega a joder a mí la descarga y ese se caga pero bien, eh.*




Gráfico 4. (02:15) Baltasar: *No nos esperan pero podrían estar armados.*

Nestes casos, a aseveración presenta dous grupos fónicos. Unha vez máis, a diferenza de alturas entre vogais tónicas e átonas, entre unha e outra curva melódica, é evidente. A primeira tónica no caso de Oubiña (castelán con fonética galega) Entre

sobrepasa os 200 Hz, mentres que no caso de Baltasar só chega a, aproximadamente, 150Hz. As dúas curvas presentan, no primeiro grupo fónico, correspondente á primeira parte de cadansúa bipolar (prótese de condicional no Gráfico 3 e tese de adversativa no gráfico 4), unha altura entoativa máis alta ca o segundo grupo fónico. Agora ben, no caso de Baltasar (Gráfico 4), a altura máxima é duns 170 Hz e a mínima, xa no final da curva, de 100 Hz. No caso de Oubiña (Gráfico 3), a altura máxima é de 230 Hz aproximadamente e a mínima duns 70 Hz. Isto evidencia a variación de tonalidade dun mesmo enunciado entre a fonética galega, uns 160 Hz (Gráfico 3) de diferenza, fronte aos 70 Hz da fonética castelá (Gráfico 4). Así, a liña quebrada da que falaba Constantino García (1984: 118) queda evidenciada pola diferenza entre estes dous gráficos e ilustra a percepción cantada da entoación galega á que aludían Freixeiro Mato (2006: 236) ou Rojo (2005: 1093).

Vemos, por último, como a caída final, no caso da fonética propiamente castelá de Baltasar é «suave», namentres que no caso de Oubiña, con fonética galega no seu castelán, a caída final é abrupta. O ascenso final desta curva, tamén bastante elevado, correspóndese coa interxección *eh*, que funciona neste caso a modo de marcador de discurso apelativo⁹.

b) Enunciados aseverativos pragmáticos

O galego ten unha gran riqueza entoativa. Un dos seus trazos máis particulares é o que damos en chamar *retranca*. O *Diccionario da Real Academia Galega* (DRAG) defínea como unha «habilidade para falar con segundas intencións, en especial cando se procura unha graza intencionada no que se di» (DRAG s.v. *retranca*). O sinónimo que máis se lle achega é o de *ironía*. Para Moledo, era un aspecto fundamental que esta particularidade estivese implícita nos personaxes da serie:

É galega a forma que teñen de expresarse, pero tamén o fondo, o que din, esa *retranca*, estarche dicindo unha cousa dando a entender a contraria [...] esa idiosincrasia nosa está moi presente na serie. Se todo o acento, a entoación e as construcións das frases non estivesen acompañadas dese espírito de fondo, non faría o mesmo efecto (Yáñez 2018).

No Gráfico 5 exemplificamos este trazo fónico cun dos fragmentos de castelán de Galicia da serie:

⁹ Dende un punto de vista pragmático, o falante intenta asegurarse de que os interlocutores comprenderon a mensaxe, aínda que tamén se pode considerar como a confirmación dunha advertencia (véxase Álvarez e Xove 2002: 670).




Gráfico 5. (48:29) Pilar: *Tranquila, mujer, que solo te quiero hablar de Cándido.*

Se só atendésemos ao significativo, pensariamos que Pilar está intentando calmar a súa interlocutora, facer que esta se sinta ben e non estea preocupada. A realidade é diferente e sabemos que a relación de Pilar coa interlocutora (a nai de Silva) non é boa. Todo isto sabémolo pola entoación do enunciado. O ton ao que chega o apelativo *mujer* presenta unha elevación inusual con respecto á curva plana do resto do enunciado. Outro aspecto que delata a retranca, aínda que afecta máis ao vocalismo, é o alongamento dos tonemas de *mujer* e *Cándido*.

No Gráfico 6 recóllese un caso pleno de retranca de influencia galega, xa que a falante quere dicir xusto o contrario do que expresa:




Gráfico 6. (49:10) Nai de Silva: *Es usted una santa...*

O ton elevado en que se desenvolve o enunciado non ten coherencia coa suposta laudatoria que parece expresar a nai de Silva. A caída da átona final e, de novo, o alongamento do último tonema, confirman que estamos ante unha intención irónica. As apelacións de *mujer* no primeiro e *usted* no segundo, presentan elevación da tónica.

c) Enunciados de negación e afirmación pragmáticos

É habitual, no galego e no castelán, alongar as vogais dos adverbios *si* e *non* para enfatizar a resposta. No galego, aproveitando tal alongamento, poñémoslle melodía á vogal. Mentres que no castelán a liña entoativa adoita ser plana, o galego pode presentar varios cambios de dirección na curva, outorgándolle un aspecto musical. A pragmática tamén define o debuxo destas curvaturas. Vese nos Gráficos 7 e 8:




Gráfico 7. (48:33) Pilar: *Si...* (Retranca)




Gráfico 8. (45:19) Oubiña: *No!* (Réplica)

d) Enunciados interrogativos totais

Neste tipo de enunciados é onde o galego presenta máis riqueza entoativa. Distinguiremos, seguindo a Fernández Rei (1997: 245-252), entre interrogativas totais, parciais e ratificadas. As totais son aquelas que piden unha resposta afirmativa ou negativa (*si* ou *non*). As parciais son as que requiren de máis información e van precedidas por unha marca interrogativa; é dicir, un pronome ou adverbio do tipo *que*, *quen*, *cando*, *como*, *onde* ou *por que*. Por último, as preguntas ratificadas son aquelas que presentan no final un elemento «ratificador» do enunciado (*no?*, *oíste?*).

O Gráfico 9 reflicte un caso de interrogativa total utilizada en *Fariña*, dita en castelán pero coa entoación típica galega. En galego, este tipo de interrogativas adoitan ter un ton elevado no inicio da cláusula (Fernández Rei 1997: 246). Esta elevación de ton no inicio é a característica fundamental que as diferencia das aseverativas (Regueira *et al.* 1998: 83). A partir da última sílaba tónica hai un descenso drástico.




Gráfico 9. (11:12) Charlín: *Aún no le partiste la cara?*

En contraposición, o Gráfico 10 da páxina seguinte móstranos unha interrogativa cunha curva melódica totalmente diferente no castelán, concretamente, do castelán hispanoamericano. Camila é unha personaxe panameña, polo que reproduce a fonética do seu español, na que vemos que o debuxo melódico é practicamente inverso ao padrón galego: o ataque inicial prodúcese dende un ton baixo, vai aumentando progresivamente e recolle un ascenso abrupto na última sílaba, malia ser átona.




Gráfico 10. (59:54) Camila: *No lo conosen?*

e) Enunciados interrogativos parciais

Segundo Fernández Rei (1997: 253), nas interrogativas parciais en galego o descenso prodúcese a partir da primeira sílaba acentuada, é dicir, dende o inicio, para despois ir decrecendo progresivamente ata o final (Regueira *et al.* 1998: 84). Este padrón recoñecido por estes autores, cúmprese, como vemos no exemplo de Sito, recollido no Gráfico 11, pero non exactamente no de Roque, reflectido no Gráfico 12:




Gráfico 11. Sito (07:44): *Cuánto le dio?*

No enunciado de Roque do Gráfico 12, o ataque faise dende abaixo, ten unha elevación drástica na última sílaba e descende despois tamén abruptamente




Gráfico 12. (08:26) Roque: *Porque cuántos motores llevas ya, Sito?*

Dende o noso parecer, inflúen dúas cuestións para que as curvas sexan tan diferentes: unha é a lonxitude do enunciado e a outra, unha vez máis, a pragmática. A intención do falante é fundamental, pois no Gráfico 12 o personaxe está pedindo unha información, pero no 11 estaa reclamando.

A ilocución dun enunciado pode facer que cambie o padrón melódico esperado e, aínda así, soar igualmente galego: «o ton final no galego común, tanto nas interrogativas totais coma nas parciais, é descendente» (Fernández Rei 1997: 253).

No Gráfico 13 da páxina seguinte temos dúas preguntas na mesma intervención: *Qué pasa? Que a vosotros no os enseñan a ahorrar?* Isto é algo que na lingua oral, tanto do galego coma do castelán, é habitual, sobre todo utilizando no primeiro grupo fónico a interrogativa parcial (*Qué pasa?*) e no segundo, a total (*Que a vosotros no os enseñan a ahorrar?*).

Así, dentro da mesma intervención temos dúas interrogativas diferentes (separadas graficamente pola interrupción da liña), a primeira parcial e a segunda total, o que nos permite comparar ben o debuxo melódico entre ambas as dúas preguntas:




Gráfico 13. (31:29) Sito: *Qué pasa? Que a vosotros no os enseñan a ahorrar?*

A diferenza entre as dúas curvas é visible. Na primeira, parcial, o inicio presenta un ton elevado e vai descendendo progresivamente. Na segunda, total, mantense o ton no enunciado ata chegar á elevación da última vogal tónica, que provoca a caída tonal final drástica. Nótese como nesta última a curva convexa pertence á entoación da mesma vogal (o último *a* de *ahorrar*), por ser esta o último tonema, pero tamén o final de interrogativa total.

f) Interrogativas ratificadas (*tag questions*)

Os Gráficos 14 e 15 recollen casos deste tipo: *Nos chamou Manolo, no?* e *Tú eres Sito, no?*:




Gráfico 14. (44:11) Oubiña: *Nos chamou Manolo, no?*




Gráfico 15. (09:09) Braulio: *Tú eres Sito, no?*

O adverbio de negación *non* é un dos que máis se utilizan como «interrogativo a final de frase [...] para reforzar unha afirmación» (DRAG s.v. *non*); é dicir, é o elemento «ratificador» da pregunta. Este é un trazo moi senlleiro do galego, que tamén se traslada ao castelán de Galicia, como queda reflectido nestas intervencións.

No Gráfico 14, este elemento presenta unha liña ascendente, mentres que no 15, vese un descenso suave. No primeiro caso, a intervención de Oubiña non está acabada, contén unha implicatura: «chamounos Manolo, non? [pois que fale el]». No segundo, o emisor está esperando unha resposta afirmativa ou negativa, é dicir, a pregunta está concluída. Por tanto, neste último caso estamos perante unha interrogativa ratificada total. Vemos como, unha vez máis, a pragmática é fundamental para definir a entoación, aínda presentando os mesmos elementos morfosintácticos.

Outros ratificadores comúns usados no galego, que tamén aparecen reflectidos no castelán empregado na serie son o verbo *oíste* (véxase min. 7:08) e a interxección *eh* (véxanse min. 7:56 e 12:44). En todos os casos o elemento ratificador constitúe un grupo fónico á parte e presenta unha curva convexa que pode estar a máis ou menos altura.

En conclusión, as interrogativas en galego poden presentar varias curvas melódicas e o rango entoativo é elevado; pero, en xeral, a entoación faise de maneira descendente a diferenza doutras linguas próximas; polo tanto, a variedade lingüística empregada na serie é de influencia galega.

g) Enunciados exclamativos

Segundo sinalan Regueira *et al.* (1998: 84), en galego os enunciados exclamativos adoitan iniciarse «nun ton moi elevado e vai decrecendo progresivamente», pero tamén pode manterse «alto ata a última sílaba tónica, dependendo do tipo de exclamación». Vexamos se se cumpren estes padróns na variedade lingüística empregada na serie, reflectidos nos Gráficos 16 e 17:




Gráfico 16. (13:10) Oubiña: *¡Arre carallo, nos salía más barato presentarnos nosotros, joder!* (Indignación)




Gráfico 17. (29:39) Roque: *¡Que a ella el lujo le da igual, joder!* (Ánimo)

En xeral, os enunciados exclamativos comezan nun ton elevado (máis de 200 Hz nos dous casos), ton que se mantén alto cunha liña, máis (Gráfico 16) ou menos (Gráfico 17), quebrada dependendo da intención do falante ata o descenso final. Vemos como nos casos dos Gráficos 16, no que Oubiña expresa indignación, e 17, no que Roque intenta infundir ánimo ao seu interlocutor, a caída final despois do último tonema é máis abrupta. En ambos os dous casos, hai un reforzamento cunha bocalada, propias do rexistro popular e informal.

Esta interxección *joder* na coda do enunciado sempre descansa sobre un ton baixo. A pragmática, unha vez máis, é a que define a música da fala.

h) Enunciados imperativos

Indican Regueira *et al.* (1998: 84) que, a diferenza dos exclamativos, os enunciados imperativos galegos presentan un ton máis baixo. Ademais, adoitan constituír «un descenso continuado desde o inicio ata o final».

Malia que este sexa o padrón prototípico, hai veces que isto se dá e outras non, pois os exemplos cos que contamos (Gráficos 18 e 19) presentan un ton en xeral moi elevado no enunciado. A intención e o estado afectivo do falante, así como a presenza de apoios interxectivos (Gráfico 19) poden dar lugar a diversidade de curvas:




Gráfico 18. Charlín (15:07): ¡A tu puta casa!




Gráfico 19. Pai de Sito (07:18): ¡Tira pa casa, hostia!

4.1.2. Mantemento do sistema vocálico de sete unidades fonolóxicas

O sistema vocálico galego consta de sete fonemas (/a/, /e/, /ɛ/, /i/, /o/, /ɔ/, /u/) que poden estar presentes tanto na posición tónica coma na pretónica (Freixeiro Mato 2006: 70-94). Segundo Freixeiro, non hai regras fixas para sabermos se un <e> ou un <o> se pronuncian abertos ou pechados, aínda que si se recoñecen algunhas pautas que non interesan neste momento. O importante é o que lles salienta Rosa Moledo aos actores e ás actrices nas «Pautas lingüísticas» (Anexo I): «cando falamos en español [...] trasladamos as vogais tal e como as dicimos en galego».

O traslado, ou mantemento, do sistema vocálico galego á variedade lingüística castelá de *Fariña* está presente en todos os personaxes galegos da serie. Indicamos algúns exemplos da abertura das vogais medias <e, o> tirados do capítulo 1 que vimos analizando. Sinalamos en negra a vogal e marcámola cos símbolos fonéticos do AFI segundo o grao de abertura: pechado [o, e] e aberto [ɔ, ɛ] :

(07:09) Sito: Nos libramos, nɔ? ɛs lo que cuenta!

(07:56) Pai de Sito: Y yɔ qué quíeres que le haga, ɛh? A cada uno le tɔca lo que le tɔca

(08:55) Braulio: Hasta luɛgo, Rɔsa

(17:47) Montáñez: Buɛnas tardes. Bonito cɔche. Me enseñan los papɛles?

(33:58) Bustelo: Tu negɔcio ɛs el tabaco

(36:35) Leticia: Y sabes por cuánto lo vɛnde? El dɔble

(36:50) Moncho: Una **c**osa **es** el tabaco y otra la **d**roga

(48:58) Nai de Silva: **P**ero él **no** **ti**ene ese **d**inero

Para establecer unha comparativa, vexamos algunhas das pronuncias das vogais medias <e, o> dos personaxes con fonética castelá que aparecen na serie:

(00:15) Narrador: **E**n los años **o**chenta, Galicia **se** **conv**irti^ó en la principal **e**ntrada **d**e **d**roga **e**n **E**uropa

(04:23) Baltasar: Han **e**ncontrado la **d**roga?

(55:51) Camila: Papá **se** **ded**ica a los **n**egosios y mi **tío** es ministro

(56:31) Camila: **T**ienes demasiado **d**inero para **no** saber algo así

(56:36) Camila: **S**olo **v**ienen a Panamá **por** dos **c**osas

(58:25) Ballesteros: **P**orque **e**sto **no** **e**s una **d**roga

(58:37) Ballesteros: Quién mierdas **e**s **T**erito?

Na fonética dos personaxes que falan español non hai diferenza de abertura nas vogais medias <e, o>; polo tanto, presentan unicamente cinco fonemas vocálicos /a, e, i, o, u/. As secuencias seguintes dan conta das diferenzas entre a pronuncia galega e a castelá na mesma palabra segundo os personaxes sexan galegos ou non:

Vocalismo castelán	Vocalismo galego
['drou̯a]	['drou̯a]
[ne'ɥoθjos]	[ne'ɥoθios]
[di'nero]	[di'nɛro]
['kosas]	['kɔsas]
[te'rito]	[tɛ'rito]

Táboa 2. Contraste de aberturas vocálicas na mesma palabra en personaxes galegos ou non.

4.1.3. A pronuncia do -n implosivo como velar

A entoación galega e as diferentes aberturas das vogais están moi presentes na variedade de castelán rexional usada na serie polos personaxes galegos. No eido fonético, Moledo aínda tivo en conta outra das particularidades máis rechamantes do sistema consonántico galego, como é a pronuncia do -n implosivo final como velar.

O *-n* pronúnciase como nasal velar «en final de palabra, cando remata en grupo fónico ou cando segue vocal» (Regueira *et al.* 1998: 61). Nas «Pautas lingüísticas» (Anexo I), Moledo sinala que «a pronunciación do ‘n’ delata no primeiro momento se unha persoa é galegofalante e/ou domina o idioma ou non. É un signo identificativo clarísimo». A asesora ofrece algunhas pautas para que os actores e actrices consigan articular este fonema, de especial dificultade para as persoas non galegas¹⁰.

Na serie podemos, novamente, establecer unha comparativa entre as fonéticas galega e castelá a respecto deste trazo fonético. Os personaxes galegos utilizan na súa variedade castelá agalegada os *-n* implosivos velares, como vemos nestes exemplos do capítulo 1, que marcamos como [ŋ] :

(08:34) Roque: [...] te hace **un apañó** [uŋa'paño]

(11:32) Terito: No le mientas a **alguien a quien...** ['aluŋjeŋa'kjeŋ]

(11:47) Sito: [...] la otra noche **en el bar** [eŋel'βar]

(14:18) Sarxento: **Con amigos así...** ['koŋa'miuŋosa'si]

(16:31) Charlín: [...] ellos **salen a la calle** ['saleŋala'kaje]

(18:31) Montáñez: [...] qué pasa **con el viejo?** [koŋel'βjeŋo]

(42:01) Pilar: [...] tienen **razón en algo** [ra'θoŋeŋ'aluŋo]

Pola contra, nos personaxes que non son galegos, a pronuncia nasal que aparece nestes contextos é a de realización alveolar, a habitual do castelán estándar, moi evidente en casos de *-n* implosivo final de palabra seguido doutra que comeza por vogal:

(00:15) Narrador: [...] la principal entrada de la droga **en Europa** [enew'ropa]

(02:01) Baltasar: [...] no podemos cometer **ningún error** [niŋ'gune'ror]

(58:58) Ballesteros: [...] **en Europa** la cosa es más complicada [enew'ropa]

(59:23) Ballesteros: [...] **la recogen y la llevan a España**
[lare'koxenila'jeβanaes'paŋa]

¹⁰ As persoas non galegas adoitan recoñecer ben este fonema nasal velar cando forma parte do grupo *-ng-*, por iso moitas veces se opta, como se sinala nas «Pautas lingüísticas», por esta estratexia. Na película *Mar Adentro*, Bardem non dá realizado a velarización do segundo *n* en *ningunha* [niŋ'guŋa], polo que fai unha pronuncia alveolar [niŋ'guna]. A personaxe de Belén Cuesta en *Ocho apellidos catalanes* revélase ao final da película como unha galega e pronuncia algunhas frases en galego; segundo confesou, o que máis lle custaron foron a *gheada* e, precisamente, a nasal velar de *unha* (Picatoste 2023).

4.1.4. Fenómenos de supresión, contracción e adición

Na variedade de castelán empregada na serie *Fariña* podemos detectar varios fenómenos de elisión vocálica, moi habituais na fala galega, pola súa tendencia á contracción.

Así, prodúcese unha síncope vocálica de *para* a *pra* e logo elisión de líquida chegando a *pa*, forma reducida moi habitual no galego coloquial:

(08:41) Roque: No tengo ni **pa** pagar estas

(29:04) Sito: **Pa** que carallo lo quieren ellos

(32:15) Roque: El Diestéfano choia **pa** Terito

(51:27) Nieves: **Pa** casa con las niñas

Tamén observamos na serie outro trazo da fonética sintáctica galega con carácter xeral (Freixeiro Mato 2006: 200), como é a redución a unha vogal, por crase, cando se encontran dúas vogais átonas homólogas. Son exemplo disto:

(33:40) Bustelo: [...] cuánto más lejos estés **d'ella**, mejor

(55:23) Roque: Tira **p'allí**

Pola súa parte, seguindo a Freixeiro Mato (2006: 201), se as dúas vogais non son homólogas, a tendencia a se manter a pronuncia de ambas é maior, aínda que tamén se pode producir a contracción, asimilación ou perda en favor da segunda, como sucede nesta intervención de Sito:

(38:28) Sito: **P'O** [pɔ] Grove. **Pa'l** puerto

Resulta moi habitual no galego a crase vocálica de <a> + <o> en [ɔ] no interrogativo *a onde?* [ˈɔnde], como se pode escoitar nestas intervencións:

(28:58) Nieves: Pero **ònde** vas tú con un Mercedes?

(53:42) Sito: **Ònde** vais?

Tamén aparece na variedade lingüística dos personaxes galegos da serie, a apócope do *-d* en final de palabra, como xa detectaran varios autores que estudaron o castelán de Galicia (Graña y Orje 1867; Cotarelo 1927; Rabanal 1967). Este fenómeno aparece nos personaxes de Charlín e da nai de Silva:

(12:58) Charlín: [...] te regalan chapitas de oro, **verdá?**

(49:10) Nai de Silva: Es **usté** una santa...

Atopamos tamén no capítulo 1 dous casos de apócope de sílaba final, un na locución pragmática *e logo!* como [e'lo] e outro na da expresión *mi madre* como

[mi'ma]. Tamén dous exemplos de aférese silábica, un do verbo *escoitar* como [koj'tar] e outro do verbo *estar* como ['tar]:

(08:23) Sito: **E lo!**

(47:47) Charlín: **Tou farto** de tanta incompetencia!

(51:39) Sito: Eh... a ver... Pero, **coitam!**

(57:46) Roque: **Mimá...**

Canto aos fenómenos de adición, un dos máis senlleiros do galego é a parágoxe da vogal *e* en final de palabra. Tal e como indica Freixeiro Mato (2006: 113), este apoio vocálico «dáse en palabras xeralmente oxítonas (ás veces tamén paroxítonas) terminadas en vogal tónica, en ditongo decrecente ou [...] en todas aquelas consoantes que poden aparecer en posición final de palabra», así como en final de grupo fónico, tal e como tamén especifica Freixeiro. Estas condicións (palabra oxítona, acabada en *-n* e en final de grupo fónico) cúmprense no único exemplo de *e* paragóxico que atopamos no capítulo 1 da serie, na boca do personaxe de Terito:

(11:09) Terito: **Quién-e?** Miñanco?

4.1.5. Rotacismo

Por último, na variedade lingüística agalegada usada polos personaxes galegos tamén detectamos algún fenómeno fonético dialectal. A historia de *Fariña* está ambientada na costa occidental galega, polas Rías Baixas, polo que non sería raro nin inverosímil atopar algúns trazos de *seseo* e *gheada*; porén, non localizamos ningún. O único dialectalismo fonético detectado neste capítulo 1 foron tres casos de rotacismo no personaxe de Oubiña:

(13:10) Oubiña: **Dor millones?** Arre carallo, nos salía **már barato** presentarnos nosotros

(13:40) Oubiña: Todo **Dior, Manolo**

O rotacismo consiste na articulación como líquida vibrante [r] dun *-s* implosivo antes de consoante sonora (nos exemplos, [m] e [b]). Segundo Fernández Rei (1990: 57), este fenómeno aparece sobre todo no sur de Lugo, no interior de Pontevedra e gran parte de Ourense, aínda que tamén se pode rexistrar esporadicamente noutras falas.

4.2. Aspectos morfosintácticos

O guión da serie *Fariña* amosa no eido morfosintáctico un importante traballo de caracterización da variedade de castelán usado polos personaxes galegos. Malia a proximidade do galego e do castelán, a construción das palabras, frases e oracións pode variar considerablemente e, mesmo, adquirir unha semántica diferente. Este último aspecto é importante e cómpre telo en conta, pois, aínda que se intenten respectar a autenticidade e a verosimilitude do castelán falado en Galicia, a serie non deixa de ser un produto comercial escrito en castelán para un posible amplo público hispano-falante e, polo tanto, debe ser comprensible para toda a variedade que poida abranguer. Isto explica que, pese a todos os trazos que atopamos no guión e que expoñeremos a continuación, haxa algunhas vacilacións ou «incumprimentos» que se explican na procura deste equilibrio.

Nas «Pautas lingüísticas» dirixidas ao cadro de intérpretes (Anexo), Moledo fala de «cuestións gramaticais e de estilo» e fai fincapé en seis aspectos que dispoñemos nas seguintes epígrafes:

- 1) Non utilizar formas verbais compostas.
- 2) Non abusar de futuros simples en favor das formas perifrásticas.
- 3) Eliminación da pronominalización reflexiva en verbos.
- 4) Colocación do pronome co verbo auxiliar nas construcións perifrásticas.
- 5) Preferencia do uso do copretérito na expresión condicional.
- 6) Evitar leísmos.

Nestas pautas, existen algúns trazos que son citados adoito nos estudos sobre o castelán de Galicia, tales como a ausencia de tempos verbais compostos (por exemplo, *Será que no lo entendí* por *Será que no lo he entendido*) ou pronominais (por exemplo, *Quedo yo*, no canto de *Me quedo yo* o *Yo me quedo*). Vexamos algúns exemplos máis destes e outros aspectos detectados a maiores no guión do capítulo 1.

4.2.1. Ausencia de formas verbais compostas

O galego, á contra do castelán, non precisa dos tempos verbais compostos co verbo *haber* para expresar perfectividade nin para marcar oposición coas formas simples (Álvarez e Xove 2002: 341-343). Ao longo do guión, na variedade de castelán usada na serie, só se recollen formas simples de maneira sistemática nos diferentes personaxes galegos. Debido a que os exemplos son moi abundantes, só citaremos algúns:

(11:12) Charlín: Aún no le **partiste** la cara?

(24:58) Nieves: Qué **hiciste**?

(30:02) Terito: Será que no lo **entendí**

(41:51) Pilar: Aún no se **levantaron**?

(1:00:55) Figueroa: *Su hijo **desapareció***

Porén, si que anotamos formas verbais compostas nos personaxes non galegos. A presenza/ausencia de tempos compostos, polo tanto, actúa como un potente caracterizador diatópico:

(04:23) Baltasar: Cómo **ha ido**? **Han encontrado** la droga?

4.2.2. *Formas perifrásticas para expresar o futuro*

Na expresión da futuridade, o galego ten unha tendencia analítica maior do que o castelán, polo que se pode afirmar que son máis habituais as construcións perifrásticas ca os futuros simples (véxase Rojo 1974: 84-85; 91; Cidrás Escáneo 2009: 42-43). Nesta tendencia perifrástica, dúas das perífrases máis habituais son *ir + infinitivo* (*vou ir*) e *haber+ (de) infinitivo* (*hei de ir/hei ir*). No capítulo 1 da serie só se atoparon exemplos da primeira delas. A súa elevada presenza parece testemuñar a influencia galega no castelán dos personaxes galegos de *Fariña*. Por exemplo:

(31:52) Sito: Tú te **vas ocupar** del contacto con las tabacaleras

(41:38) Terito: No nos **vamos a meter** en eso

(45:33) Terito: No lo **vamos a hacer**

(45:38) Oubiña: Lo **van hacer** otros

As formas do futuro simple aparecen con máis frecuencia nos personaxes non galegos, coma nestas intervencións dos panameños Ballesteros e Camila:

(58:25) Ballesteros: **Terminarán** hasiéndolo [...] **terminará** probándola

(58:44) Camila: [...] **cambiará** de opinión

4.2.3. *Ausencia de construcións reflexivas marcadas pronominalmente*

En galego existe unha serie de verbos que poden ser ou non pronominais (López Viñas, Lourenço e Moreda 2011: 320). A ausencia de reflexividade xa foi detectada polos autores dos manuais de corrección do castelán de Galicia do século XIX (Álvarez 1890; García, 1984; García e Blanco 1998; Rojo 2005). Pola súa parte, Cidrás Escáneo (1991: 104) insiste tamén nesta cuestión: «en galego son incorrectas as chamadas construcións reflexivas indirectas, o que constitúe un dos trazos contrastivos máis

salientes con relación ao castelán, onde son tan abundantes», e continúa: «por máis que se poidan documentar mesmamente en escritores de prestixio, son en galego absolutamente agramaticais; e de feito non se rexistran na lingua viva, construcións como as seguintes: (5) **O home lavouse as mans*».

Por tanto, agás nos verbos en que o pronome é un formante lexical (*arrepentirse, atreverse*) e, polo tanto, a súa presenza é obrigatoria (López Viñas *et al.* 2011: 319), os verbos en galego non levan pronome reflexivo se a semántica non o require (por exemplo, os casos de *afogar/afogarse* ou *despedir/despedirse*). Pode ocorrer tamén que a estrutura sintáctica implique esta pronominalización (*Esquecín as chaves/Esquecinme de chamar*) (López Viñas *et al.* 2011: 320). No capítulo 1 de *Fariña* atopamos nos personaxes galegos varios usos de verbos sen a marca de reflexividade, que si sería habitual no castelán estándar. Mostramos algúns:

(19:13) Sito: **Duerme**

(19:32) Braulio: **Pon esto**

(35:55) Paquito: **Merece** levar tres bofetones

(44:15) Charlín: Con lo que **sacan**...

(1:02:59) Paquito: Ya **marchamos**

(1:05:45) Roque: **Quedo** yo

Nas «Pautas lingüísticas», Moledo recomenda eliminar o pronome nestes verbos; porén, a transcripción do capítulo 1 amosa varias vacilacións neste aspecto, e así localizamos varios verbos, transitivos e intransitivos, que aparecen na construción reflexiva, agramatical ou non habitual no galego tradicional:

(13:46) Charlín: Doscientas cajas **se llevó**

(14:24) Figueroa: El tal Silva **se marchó** a Valladolid

(22:15) Sito: No vaya a ser que **te caigas**

(24:15) Sito: **Nos tenemos que mojar** el culo

(38:05) Sito: **Nos volvemos**

(43:11) Pilar: Quiere que (..) **se queden** con todo?

(43:15) Charlín: No va a querer **ensuciarse** las manos

(44:43) Bustelo: Para **pagarse** sus vicios

4.2.4. Posición do pronome átono no auxiliar en construcións perifrásticas

En galego, en perífrases verbais ou en complexos verbais non perifrásticos, pero de forma semellante a aquelas, o pronome átono pode ir tanto co verbo auxiliar coma co infinitivo ou xerundio (Álvarez e Xove 2002: 567-569). Agora ben, no galego, segundo Rosario Álvarez (1996: 20), «a menos usada de tódalas opcións posible é a énclice ao infinitivo, máis cómpre ter en conta que na lingua antiga era de regra que o pronome se situase onda o auxiliar» e continúa afirmando que «o galego moderno non avanzou nesta tendencia tanto coma o portugués e que non tódalas perífrases trasladan por igual o pronome cara ó verbo construtor».

En español, cando menos na variante estándar escrita, a tendencia é a que o pronome átono vaia no segundo verbo, isto é, no verbo auxiliado, pois en definitiva é de quen é argumento. Segundo a *Nueva gramática de la lengua española* (NGLE), publicada pola Real Academia Española e a Asociación de Academias de la Lengua Española (RAE/ASALE 2009), nas perífrases verbais os clíticos con xerundios e infinitivos poden antepoñerse ao auxiliar (*debo hacerlo/lo debo hacer*), cuxa dobre opción se estende aos verbos que introducen subordinadas de infinitivo (*intenté devolvérselo/se lo intenté devolver*); pero especifica que «es más natural *Creí tenerlo arreglado* que *Lo creí tener arreglado*» (RAE/ASALE § 10.4.3).

A flexión e derivación verbal do galego fai que, por exemplo, se o enunciado é *vou darllo*, á hora de pasalo ao castelán e precisar do dativo *se*, a solución sexa *voy a dárselo*, ou a solución máis presente en *Fariña*, a anteposición: *se lo voy a dar*. Por tanto, cando nunha construción verbal perifrástica na que necesitamos un pronome en función de complemento indirecto (CI) ou directo (CD), ou en verbos que introducen subordinadas de infinitivo, a tendencia no castelán empregado na serie é á próclise, acompañando o verbo auxiliar, coma no galego oral. O elevado número de exemplos que atopamos fai que esta posición sexa case unha marca gramatical da variante lingüística empregada na serie:

- (09:46) Braulio: **Te va dar** un regalo
- (11:32) Terito: **Me los vas a dar?**
- (13:56) Charlín: Tú por eso no **te tienes que preocupar**
- (15: 22) Charlín: Vergüenza **os tenía que dar**
- (16:17) Charlín: Como **os pensáis enterar?**
- (33:54) Javier: **Me puede pagar** los caprichos
- (41:25) Paquito: **Le quería proponer** una cosa

Igual que ocorre con outras pautas gramaticais, hai momentos nos que estas se contraveñen. Estas vacilacións poden responder a improvisacións dentro da propia rodaxe ou á elección final dunha toma fronte a outras nas que si se rexistrou outra construción. De calquera xeito, a transcripción do guión deste primeiro capítulo amosa que a construción pronominal que acabamos de ver non é sistemática:

(22:13) Braulio: **Podrás hacerlo?**

(24:18) Terito: No **tienes que mojarlo** nunca más

(30:02) Terito: **Venías a preguntarme?**

(52:22) Roque: Aún no **sabemos entenderlas**

4.2.5. *Uso do copretérito para a expresión da condición*

A RAE/ASALE (§ 23.15ñ) considera, dentro dos valores modales do imperfecto, o chamado condicional de cortesía. Existen, segundo a NGLE, varios contextos nos que o copretérito e o condicional poden alternar: «Este uso del pretérito imperfecto se extiende a los enunciados en los que se solicitan disculpas (*Me quería excusar por...*) y a otros que expresan muy diversas formas de solicitud o de sugerencia» (RAE/ASALE § 23.11g).

Noutro apartado di que «esos contextos son de dos tipos: retrospectivos, como en *Nos dijo que hoy no {venía ~ vendría} a trabajar*, e irreales o no factuales, como en *Yo en tu lugar no lo {aceptaba ~ aceptaría}*» (RAE/ASALE § 23.15q). Estas formas «se alejan por tanto de manera deliberada de la realidad con la intención de atenuar lo que en ellas se afirma o se demanda» e nestes contextos son equivalentes. Para o galego, Álvarez e Xove (2002: 299) tamén consideran este valor do copretérito en «Modo 'indicativo irreal', en que é variante de significado, con *andaría* e *andara*».

Polo tanto, o uso do copretérito con valor de condicional non é exclusivo do galego, pero, tal e como afirma Moledo nas «Pautas lingüísticas», é «algo moi habitual no galego que se traslada ao español». Atopamos algúns exemplos desta forma verbal con este valor:

(13:10) Oubiña: Nos **salía** más barato presentarnos nosotros

(25:00) Sito: Lo que **tenía** que hacer hace tiempo

Este uso tampouco é sistemático no capítulo 1 analizado, pois temos exemplos do uso da forma de pospretérito ou condicional:

(33:04) Javier: **Podría** llamar antes de entrar

4.2.6. Ausencia de leísmos

O leísmo é un fenómeno que adoito ocorre no español debido a unha confusión de caso. A NGLE explica que son «los pronombres dativos *le/les*, procedentes del dativo latino *illi/illis*, los que adquieren las funciones de los pronombres acusativos» (RAE/ASALE § 16.8a). Polo tanto, un falante de castelán chamado *leísta*, usa o pronome átono masculino de dativo cando lle correspondería que fose un acusativo, marca da función sintáctica de CD: **No le lleves* no canto *No lo lleves*, por exemplo. Esta confusión entre clíticos de acusativo e dativo non se dá no galego ou, en tal caso, é esporádica. A ausencia deste erro xa foi apuntada por varios dos autores que estudaron o castelán de Galicia (véxase Alonso Montero 1966, García e Blanco 1998, Porto Dapena 2001).

Non rexistramos casos de leísmo no corpus analizado de *Fariña*; os casos de CD de persoa pronominalizan habitualmente con clítico de acusativo:

- (04:33) Sarxento: Estamos intentando localizar**lo**
- (14:31) Sarxento: Hay que encontrar**lo**
- (14:53) Amalia: Parece mentira que no **los** conozcas
- (42:12) Pilar: **Los** oí, cuando llegaron

4.2.7. Outros trazos morfosintácticos

Alén dos trazos marcados por Moledo nas «Pautas lingüísticas», localizamos algúns outros que chamaron a nosa atención por diversos motivos. Algúns son propiamente galeguismos, aínda que non aparezan de maneira sistemática, coma o uso do deíctico masculino *este(s)/ese(s)* no canto *de esto(s)/eso(s)* en castelán. O uso destes demostrativos xa fora advertido por Graña y Orje (1867) e, despois, por outros como García e Blanco (1998), Porto Dapena (2001) ou Rojo (2005). No corpus do capítulo 1 recolleemos alternancias entre a forma agalegada e a española:

- (12:19) Colombo: **Eses** son los peores
- (18:32) Garda 2: Qué te traes con **esos** dos piezas?
- (29:31) Oli: Ni a ninguno de **esos**
- (46:17) Oubiña: Sabes lo que están pensando todos **estes**?
- (48:37) Nai de Silva: No tengo que ver con **esos** negocios

O pronome interrogativo *quién* aparece sempre en singular. En galego a forma plural desta partícula non existe, é agramatical, e iso trasládase á variedade de *Fariña*, pois a forma singular é a que se usa sistematicamente:

(12:32) Nino: Ya sabemos **quién** queremos que ganen, no?

(29:17) Sito: A **quién** comprar? A **quién** vender?

O sufixo diminutivo *-iño(s)/-iña(s)* é unha das marcas morfolóxicas máis características do galego (Alonso Núñez 1999:308). Porén, esta só aparece nunha ocasión, no minuto 31:31 na boca do personaxe de Oli: *el pobriño*. Esta sufixación só aparece neste sentido apreciativo, moi habitual no galego. No resto de casos aparece a forma derivada castelán *-ito/-ita*:

(03:41) Silva: **Tranquilito!**

(54:58) Roque: En ese **bolsito** no te cabe mucho

(57:46) Roque: **Igualita** que la casa de Terito, eh!

(1:01:03) Figueroa: Este ya está **crecido**

O galego usa de maneira moi frecuente a preposición *para* con valor de dirección ou aproximación espazo-temporal. Segundo Freixeiro Mato (2000: 560- 561), neste sentido, diferénciase de *a* «por acrecentar certa idea de permanencia do lugar»; isto recolle tamén a forma precedida do verbo *ir* e seguida dunha referencia temporal, que «pode expresar, dunha forma aproximada, o tempo transcorrido» (Freixeiro Mato 2000: 562). Estes usos trasládanse ao castelán de Galicia e tamén se reflicten no corpus analizado de *Fariña*:

(21:01) Terito: Ven **para** acá

(52:17) Oli: Se va **para** casa?

(1:01:20) Nai de Silva: Ya va **para** dos meses

Existen formas perifrásticas galegas trasladadas tamén á variante do castelán da serie, coma a reiterativa formada por *ter + participio*:

(08:26) Roque: te lo **tengo dicho**.

Seguindo co sistema verbal, outro dos trazos morfosintácticos máis referidos polos estudosos do castelán de Galicia é a perífrase *ir + infinitivo* sen inserción da preposición *a*, como se constrúe no castelán. Porén, no capítulo 1 recóllense moi poucos destes casos e a meirande parte poden explicarse por unha cuestión de contracción de *a+a* por fonética sintáctica:

(13:29) Colombo: De qué hostias **voy hablar?**

(14:31) Sarxento: **Va perder** sus encantos

(24:03) Terito: Qué **vas hacer** con esto?

(54:45) Roque: No lo **vas entender**

Dada a gran cantidade de perífrases de *ir + infinitivo* con inserción da preposición *a* e as poucas e dubidosas construcións que hai sen ela, podemos interpretar que houbo unha decisión consciente por parte da asesoría lingüística para evitar estas últimas. Igual que pasa co sufixo diminutivo *-iño/-a*, moitos destes trazos, particulares do galego, poden chegar a converterse en estereotipos dos que, se cadra, nunha serie na que os personaxes van dar unha imaxe do idioma, a lingüista pretende arredarse. Máis claro está isto na única e anecdótica presenza do SNP -s na P2 do pretérito, na que o personaxe de Oubiña di:

(13:54) Oubiña: ese ya lo **vistes**, Manolo.

A expresión anterior, con gran carga fraseolóxica, contén unha forma verbal que, sendo un galeguismo moi citado na historiografía do castelán de Galicia ou galego (véxanse Graña y Orje 1867, Álvarez Giménez 1870, Cotarelo Valledor 1927, Rabanal 1967, García 1984, García e Blanco 1998, Porto Dapena 2001), pode chegar a considerarse por castelanfalantes de fóra de Galicia como un vulgarismo.

O mesmo parece acontecer coas poucas formas de infinitivo funcionando como imperativo, raras no galego popular, que se cadra poden responder á influencia do español coloquial dalgunhas rexións no castelán de Galicia:

(11:02) Terito: **Haceros** a la idea

(16:54) Charlín: **Resolver** esto vosotros

(46:17) Oubiña: **Decirle** ahora lo que pensáis

En galego, o CD non leva precedida a preposición *a* aínda que se trate dun ente humano. Esta ausencia transfírese ao castelán que usan os personaxes da serie, coma nestes exemplos do capítulo 1:

(35:27) Montáñez: Estoy buscando un amigo

(1:03:07) Montáñez: Estoy ayudando unos amigos

(1:03:39) Sarxento: Estaba buscando un hombre

Detectamos tamén algúns casos de expresión da transitividade prepositiva, moi habituais no galego e non tanto ou inexistente no castelán. O caso de *tirar con + CD* é un dos máis citados polos estudosos do castelán de Galicia, xa dende o século XIX:

(06:57) Braulio: Tira **con** todo!

Por último, no aspecto pronominal destacamos a considerable presenza do dativo de interese, moi común e particular dalgunhas expresións do galego popular, como

en *Que queres que lle faga?*, cuxo calco ao castelán podemos observar nos minutos 7:56 ou 52:58 do capítulo 1. Destas construcións, que se oen adoito no castelán de Galicia, hai máis no citado capítulo:

(41:30) Charlín: No **me** seas liante

(48:46) Nai de Silva: Y qué quiere que **le** hagamos?

(49:22) Paquito: No sé qué carallo **te** quiere

4.3. Aspectos léxico-semánticos e fraseoloxía

No capítulo 1 aparecen varias palabras, frases, locucións e intervencións enteiras en galego. Algunhas voces illadas, malia pareceren estar postas de maneira aleatoria, teñen un sentido semántico moi concreto, tal e como o explica a asesora lingüista Moledo na entrevista con Yáñez (2018): «non queremos meter palabras porque si, pola nota exótica, tiña que ser sempre con algún sentido». Así o aclara tamén nas «Pautas lingüísticas» (Anexo):

[...] é certo que ás veces aparecen palabras illadas en galego metidas polo medio que a nós se nos fan estrañas. “Traballo”, así sen máis, con todo o resto en español, soa artificial para a nosa percepción [...] Pero a idea vista desde fóra é que, neste caso concreto, a palabra se identifique con algo en particular: “traballo” non significa “trabajo”, significa “descarga”.

O mesmo vocábulo *fariña* que dá título á serie, homónimo coa novela (Carretero 2015), é un substantivo con morfoloxía e *grafonética* galegas. Este título é importante por dúas cuestións. A primeira é que está en galego, polo que dende a mesma portada do libro, ou título da serie, as persoas usuarias somos situadas nun espazo: Galicia. A segunda cuestión é de tipo pragmático-estilístico ou de *mudanza semántica* (López Viñas, Lourenço e Moreda 2011: 475), pois *fariña* é o nome de rexistro ou xerga que se utiliza para chamarlle á *cocaína* e actúa, polo tanto, como un eufemismo dunha palabra que podería resultar tabú segundo en que contexto. Falamos ademais de metáfora, xa que a asociación entre a palabra real (*cocaína*) e o referente imaxinario (*fariña*) é moi próxima e comparten moitos semas canto ao seu aspecto: son un produto branco e en po.

Segundo o dito por Moledo, e conforme tamén ao que podemos comprobar no capítulo 1, o máis habitual é que as palabras que aparecen illadas en galego, sexa en sentido literal ou figurado, pertencen ao campo léxico do narcotráfico: *fariña*, *traballo*, *aduaneiros*, *braceiros*, *caixa*, *choio* ou *choiar*.

Alén doutras palabras illadas en galego que aparecen na serie (*rapaz, paxariños, porco...*), os vulgarismos, insultos e bocaladas adoitan aparecer na súa lingua orixinal: *trapalleiros, merda/de merda, pirola/pirolaña, caguiñas, descarallado, fillo de puta, cara de toxo, cara de cona* etc.

Neste eido, a palabra malsoante máis utilizada, característica do rexistro oral e informal do galego e que dá lugar a unha enorme fraseoloxía, é, sen dúbida, *carallo*. É moi habitual atopala despois dunha partícula interrogativa:

(06:55) Braulio: Quién **carallo** es ese?

(12:20) Oubiña: Bueno **carallo**, bueno...

(28:17) Roque: José Ramón Prado Bugallo, tócate el **carallo**

(45:25) Colombo: Dónde **carallo** hay que firmar?

(49:22) Paquito: No sé qué **carallo** te quiere

Detéctanse igualmente numerosas fórmulas, ditos, interxeccións, expresións feitas ou marcadores discursivos galegos pertencentes ao rexistro popular: *cagho na cona; home (si, home, si; solucionar esto, home); e lo!; eh!; cona que o fixo!; boas noites!; e logo?; ho!; boh* etc.

Moledo fala de arredarse dos calcos, pero o certo é que hai ocasións en que funcionan ben; é dicir, sen risco de que a comprensibilidade se vexa afectada para a xente espectadora non galega. Son algúns exemplos disto: *Vas bueno!* (gal. *vas bo!*), *cuartos* (gal. *cartos*), *es igual* (gal. *é igual*), *no?* (gal. *non?*), *hablar de más* (gal. *falar de máis*), *tanto les da/qué más nos da* (gal. *tanto lles dá/qué máis nos dá*), *echar cuentas* (gal. *botar contás*) ou a xa mencionada *tócate el carallo!* (gal. *tócate o carallo!*), no sentido de 'amolarse'.

Localizamos ademais a locución verbal *viene siendo* (m. 21:37) e dúas adaptacións fraseolóxicas, nas bocas de Terito e Nino:

(21:30) Terito: no salen **en cuanto caen cuatro gotas**.

(12:32) Nino: Por cierto que **dentro de poco** tenemos elecciones a la Xunta.

Canto á onomástica e a toponimia, en xeral, aparecen respectadas, coma *O Grove* ou *A Xurela*, pois é típico que as embarcacións leven nome galego. Foron tamén escollidos algúns nomes propios galegos como *Roque*, *Antón* e hipocorísticos habituais en Galicia como *Moncho*. Na época en que está ambientada *Fariña* (década de 1980) era moi habitual engadir o sufixo castelanizador *-ito* aos hipocorísticos, e así hai *Sito*, *Terito* e *Paquito*.

4.4. Aspectos de pragmática e estilo

No capítulo 1 analizado, a pragmática presenta unha gran riqueza. Unha das expresións máis recorridas é a forma verbal na P2 e P5 do verbo *oír* (*oíste, oísteis*) utilizado como ratificador discursivo despois de enunciado e que forma un grupo fónico á parte (véxase a análise no apartado do nivel fónico).

(07:08) Pai de Sito: La última vez! **Oíste?** La última!

(13:10) Oubiña: **Oíste**, Nino? Tú que eres el rey del mambo en Ribadumia...

Un modismo detectado xa por algúns estudosos do castelán de Galicia (Álvarez Giménez 1890, Rojo 2005) é a tendencia a responder afirmativamente a través do verbo principal contido no enunciado interrogativo do interlocutor. Estas fórmulas trasládanse ao castelán falado en Galicia e recóllense varios exemplos no capítulo analizado:

(07:12) Pai de Sito: [...], **oíste?**!

(07:17) Sito: **Oín!**

Destacan tamén as numerosas construcións coa orde informativa marcada, estruturas que son máis propias da lingua oral. Como sinala Freixeiro Mato (2000: 690), «a orde das palabras desempeña un papel importante nas estruturas informativas». Para o emisor destacar unha información que coída que o interlocutor necesita, pode resaltar o constituínte do enunciado que lle interesa, focalizándoo e desprazándoo da súa posición habitual, sobre todo para a anteverbal. O eido expresivo do galego semella tender a este cambio da «lóxica» orde dos constituíntes. Na serie, parece reflectirse isto no castelán usado polos personaxes galegos, xa que atopamos varios exemplos con esta focalización remática, entre eles:

(11:35) Sito: Yo **dinero** no le debo (foco e rema do CD)

(21:37) Terito: **Con esos** no estaría yo tan seguro (foco do MOD en frase adxectiva en función de atributo)

(29:29) Sito: **Con Terito** hablo yo (foco e rema do SUPL)

5. Conclusións

Dende que o castelán está presente en Galicia, o seu contacto co galego foi creando unha variedade propia e particular á que se lle chama comunmente *castrapo* e que podemos denominar tamén *castelán de Galicia*, xa estudiada por recoñecidos autores dos séculos XIX e XX. Esta variedade presenta galeguismos en todos os niveis da lingua: no fónico, no sintáctico e no léxico.

Nos últimos anos produciuse un auxe do audiovisual en xeral, e das series en particular, nas que se narran historias galegas e se bota man da variedade castelá de Galicia. Entre estes produtos destaca a serie *Fariña* polo traballo exhaustivo de aplicación de trazos lingüísticos do galego no castelán popular falado en Galicia, cuxo resultado tivo un impacto moi positivo entre o público receptor. Na análise lingüística realizada do capítulo 1 da serie localizamos as seguintes influencias.

No plano fonético nótase na entoación con predominio de curva melódica con final descendente en todos os tipos de enunciado (declarativos, interrogativos, exclamativos e imperativos), no respecto á acentuación, no mantemento do seu sistema vocálico, na característica pronuncia velar do *-n* implosivo e na presenza de fenómenos de supresión fonética.

No plano morfosintáctico, o substrato do galego evidénciase na case ausencia de formas verbais compostas, no pouco uso de futuros simples en favor de formas perifrásticas, en evitar a reflexividade verbal e na ausencia de leísmos, laísmos ou loísmos. Ademais, prevalece o pronome co verbo auxiliar nas perífrases e complexos verbais asimilables a elas, pronome que vai proclítico ao verbo que acompaña. No eido pronominal destaca tamén o emprego do dativo de interese e, no verbal, a preferencia pola forma de copretérito fronte á do antepretérito en enunciados que expresen condicionalidade. Por outra parte, localizamos alternancias entre os déicticos agalegados *este(s)/ese(s)* fronte aos estándares casteláns *esto(s)/eso(s)*, os diminutivos con morfoloxía galega (*-iño/-a*) e castelá (*-ito/-a*) e as formas de imperativo e infinitivo para expresar mandato. Rexistramos, igualmente, a pegada do galego na utilización de varias formas de *ir para + referencia locativa/temporal* e en expresións de transitividade prepositiva (*tirar/quedar con + CD*).

No plano léxico e pragmático, o galego emerxe nas palabras inseridas do campo léxico do narcotráfico, moitas delas con dobres sentidos (*fariña, traballo...*). Abundan as expresións malsoantes en galego, principalmente o vocábulo *carallo* con variado pragmatismo. Ademais, son frecuentes as fórmulas, modismos e marcadores discursivos en galego (*e lo!, eh?, meu pai, boh!...*). Soan igualmente a galego os ratificadores adaptados *oíste?* e *no?*, varios casos de resposta co mesmo verbo da pregunta e unha clara preferencia pola focalización do rema para a presentación da información (*vergüenza os tenía que dar, yo dinero no le debo...*). Por último, tanto na pragmática coma na fonética, o recurso da ironía e da retransa abrolla en moitos momentos dos diálogos.

En definitiva, a variante lingüística empregada na serie *Fariña* pódese cualificar como «castelán popular de Galicia» ou «variante dialectal galega do castelán», xa que

presenta trazos propios e particulares do galego en todos os niveis lingüísticos, en especial, nos planos fonético-fonolóxico e morfosintáctico.

Dado que se albiscou un certo cambio de actitudes lingüísticas de cara ao «acento» galego, tradicionalmente desprezado e con baixa consideración social, cumprirían novas vías de investigación que valorasen a utilidade destes produtos que, malia estaren en castelán, contribúen á autoestima e á autoidentificación dos falantes coa lingua e que, mesmo, poden actuar como referentes dun modelo fonético de lingua.

Referencias bibliográficas

- Alonso Montero, Xesús (1966): «Ensayo de bilingüística: galego e castelán frente a frente», *Grial*, 13, 314-333.
- Alonso Núñez, Aquilino S. (1999): «Os sufixos *-iño*, *-ito* e *-ico* na fala do concello de Castrelo de Val», *Cadernos de lingua* 20, 127-143.
- Álvarez Giménez, Emilio (1870): *Estudio sobre las faltas del lenguaje que se cometen en Galicia*. Pontevedra: Imprenta de D. José A. Antúnez y compañía.
- Álvarez Giménez, Emilio (1890): *Los defectos del lenguaje en Galicia y en la provincia de León*. Pontevedra. Imprenta y compañía de A. Landín.
- Álvarez, Rosario (1996): «Posición do pronome átono en construcións de infinitivo e xerundio», *Verba*, 23, 11-35.
- Álvarez, Rosario/Xosé Xove (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- C. A. (2018): «Del sapoconcho al choio da fariña: expresiones épicas del gallego en la televisión», *Faro de Vigo* (31/03/2018). Disponible en: <https://www.farodevigo.es/sociedad/2018/03/31/sapoconcho-choio-da-farina-expresiones-16037224.html>. [Consultado o 15 de xuño de 2024]
- Carretero, Nacho (2015): *Fariña*. Madrid: Editorial Libros del KO.
- Cidrás Escáneo, Francisco (1991): «As construcións pronominais en galego. Proposta de clasificación e caracterización», en M. Brea/F. Fernández Rei (coords.), *Homenaxe ó profesor Constantino García*. Santiago de Compostela: Universidade, vol. I, 101-125.
- Cidrás Escáneo, Francisco (2009): «Os camiños da gramática: unha aproximación á variación e o cambio lingüístico desde a sintaxe do galego», *Estudos de Lingüística Galega*, 1, 27-46.
- Cotarelo Valledor, Armando (1927): «El castellano en Galicia: notas y observaciones. Santiago». *BRAE*, XIV, 82- 136
- Dubert García, Francisco (2002): «Os sociolectos galegos», *Cadernos de Lingua*, 24, 5-27.

- Ferguson, Charles A. (1959): «Diglosia». *Word*, 15 (2), 325–340. Disponible en: <https://www.tandfonline.com/doi/abs/10.1080/00437956.1959.11659702>. [Consultado o 12 de xuño de 2024]
- Fernández Rei, Elisa (1997): «Contribución ó estudio da entoación das cláusulas interrogativas totais e parciais en galego», en B. Fernández Salgado (ed.), *Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos*. Oxford: Centre for Galician Studies, vol. 1, 241-253. Disponible en: Contribución ó estudio da entoación das cláusulas interrogativas totais e parciais en galego (usc.es). [Consultado o 26 de xuño de 2024]
- Fernández Rei, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- Fernández Salgado, Benigno (2007): «Cómo falar bo castelán en Galicia: a corrección lingüística nos manuais de bo uso publicados no século XIX», en *Actas VII Congreso Internacional de Estudos Galegos*, vol. 2 (CD-Rom: Comunicacóns), 765-790.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón. (2000): *Gramática da lingua galega II. Morfosintaxe*. Vigo: A Nosa Terra.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón. (2006): *Gramática da lingua galega I. Fonética e fonoloxía*. Vigo: A Nosa Terra. Segunda edición.
- García González, Constantino (1976): «Interferencias lingüísticas entre gallego y castellano», *Revista Española de Lingüística*, vol. 6, fac. 2, 327-349.
- García González, Constantino (1984): «Interferencias lingüísticas entre galego e castelán», en *Temas de lingüística galega*, 109- 131. A Coruña: La Voz de Galicia,
- García González, Constantino/Luisa Blanco Rodríguez (1998): *El castellano de Galicia. Interferencias lingüísticas entre gallego y castellano*. Madrid: Anaya.
- García Moutón, Pilar (2007): *Lenguas y dialectos de España*. Madrid: Arco Libros, 47-50.
- García Vázquez de Queipo, Antonio (1884): *Enmienda de algunos vicios de locución á que propenden los naturales de Galicia*. Santiago: Imprenta de José M. Paredes.
- González García, Luis/Rosario Soto Arias (2000): «O galego na produción de Emilia Pardo Bazán», *Revista Galega de Filoloxía*, 1, 97-155.
- González González, Manuel (dir.): *Dicionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. Disponible en <https://academia.gal/dicionario>. [Consultado o 21 de xuño de 2024].
- González, Víctor M. (2018): «'Fariña' no es la serie "prohibida", pero sí una muy valiente que merece la pena ver», *GQ Revista* (1/03/2018). Disponible en: <https://www.revistagq.com/noticias/cultura/articulos/farina-serie-antena-3-critica/28306>. [Consultado o 15 de xuño de 2024]
- Graña y Orje, Valentín (1867): *Tratado sobre corrección del lenguaje castellano al alcance de los niños*. Pontevedra: Imprenta del Siglo.

- Gugenberger, Eva (2013): «O cambio de paradigma nos estudos sobre contacto lingüístico: pode ser útil o concepto de hibridade para a lingüística e a política de linguas en España?», en E. Gugenberger/H. Monteagudo/G. Rei-Doval (eds.), *Contacto de linguas, hibrididade, cambio: Contextos, procesos e consecuencias*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 19-47.
- Gugenberger, Eva/Henrique Monteagudo/Gabriel Rei-Doval (eds.) (2013): *Contacto de linguas, hibrididade, cambio: Contextos, procesos e consecuencias*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Dispoñible en: <https://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=2065>. [Consultado o 1 de xuño de 2024].
- Iglesias, Ana. (2013): «“Eu falo castrapo”. Actitudes dos adolescentes ante a mestura de linguas en Galicia (estudo piloto)», en E. Gugenberger/H. Monteagudo/G. Rei-Doval (eds.), *Contacto de linguas, hibrididade, cambio: Contextos, procesos e consecuencias*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega 171-189. Dispoñible en: <https://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=2065>. [Consultado o 7 de xuño de 2024]
- López Viñas, Xoan/Cilha Lourenço Mória/Marisa Moreda Leirado (2018): *Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión*. A Coruña: Baía Edicións.
- Monteagudo, Henrique (2005): «Do uso á norma; da norma ao uso (variación sociolingüística e estandarización no idioma galego)», en R. Álvarez/H. Monteagudo (eds.), *Norma lingüística e variación, unha perspectiva desde o idioma galego*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Pérez Pena, Marcos (2024): «A tradución é un traballo que cando está mal, nótase e se non se nota normalmente é que está ben», *Praza.gal*. Dispoñible en: <https://praza.gal/cultura/a-traducion-e-un-traballo-que-cando-esta-mal-notase-e-se-non-se-nota-normalmente-e-que-esta-ben>. [Consultado o 15 de xuño de 2024]
- Picatoste, Mauro (2023): «No son gallegos, pero pusieron el acento: así suena nuestro idioma en el cine y la televisión», *El Español* (22/12/2023). Dispoñible en: https://www.elespanol.com/treintayseis/cultura/audiovisual/20231222/no-gallegos-pusieron-acento-suena-idioma-cine-televisión/819168642_0.html. [Consultado o 15 de xuño de 2024]
- Porto Dapena, Álvaro (2001): «El español en contacto con el gallego», en G. Granda, Germán (coord.), *II Congreso internacional de la lengua española: «El español en la Sociedad de la Información»* (Valladolid, 16-19 de octubre de 2001). Madrid: Instituto Cervantes. Dispoñible en: <https://congresosdelalengua.es/valladolid/paneles-ponencias/unidad-diversidad/porto-a.htm>. [Consultado o 12 de xuño de 2024]
- Rabanal, Manuel (1967): «Gramática breve del castellano hablado en Galicia y otros temas», en *Hablas hispánicas. Temas gallegos y leoneses*. Madrid: Ediciones Alcalá.

- RAE/ASALE = Real Academia Española/Asociación de Academias de la Lengua Española (2009): *Nueva gramática de la lengua española*: Madrid: Espasa. Disponible en <https://www.rae.es/gram%C3%A1tica/>
- Regueira, Xosé Luís (coord.) (1998): *Os sons da lingua*. Vigo: Xerais.
- Rojo, Guillermo (1974): *Perífrases verbales del gallego actual*. Anexo II de *Verba*. *Anuario galego de Filoloxía*. Santiago de Compostela: Universidade.
- Rojo Sánchez, Guillermo (1985): «Diglosia y tipos de diglosia», en *Philologica Hispaniense. In honorem M. Alvar*, vol. II, 603-617. Madrid: Gredos.
- Rojo Sánchez, Guillermo (2005): «El español de Galicia», en R Cano (coord.), *Historia de la lengua española*. Barcelona: Ariel, 1087-1101.
- Wardhaugh, Ronald (1992): «A planificación lingüística», en *Introducción á sociolingüística*. Santiago de Compostela: Universidade, 39-131. [Orixinal inglés: *An Introduction to Sociolinguistics*. Oxford: Basil Blackwell.
- Yáñez, María (2018): «Púxose máis esforzo en coidar a lingua de 'Fariña' do que se ve en moitos produtos actuais da TVG». *Praza.gal* (02/04/2018). Disponible en: <https://praza.gal/cultura/puxose-mais-esforzo-en-coidar-a-lingua-de-lfarinar-do-que-se-ve-en-moitos-productos-actuais-da-tvg>. [Consultado o 15 de xuño de 2024]

Anexo: «Pautas lingüísticas»

FARIÑA: Pautas lingüísticas para actrices e actores (fragmento)

Documento de Rosa Moledo (Asesora lingüística da serie)

EN CANTO A CUESTIÓNS FONÉTICAS:

O noso obxectivo será unificar criterios co fin de chegar a un equilibrio e conseguir que o espectador reciba coherencia cando estea vendo a serie, sexa ou non consciente de que a recibe.

Temos que xogar moito coa música. Debemos situarnos nun lugar concreto, nunha época concreta e nunha clase social tamén concreta [...] Pero no idioma vai incluída toda unha serie de consideracións que van máis alá das palabras: [...] dicimos sen dicir, expresamos unha cousa con rotundidade coa clara intención de que nos entendan a contraria, mergullámonos na retranca, pero non alardeamos coas palabras [...] No galego: *MENOS ES MÁIS*.

[...]

ENTOACIÓNS: Todos temos en mente as diferenzas entre a entoación galega e unha allea. Debemos ter sempre presente que a nosa entoación é sempre descendente, nunca ascendente. Atacamos unha frase sempre desde arriba e sempre vai caer na última sílaba. Todo isto faise moito máis evidente nas preguntas: unha entoación final ascendente é totalmente estraña. Pero OLLO! Con isto que acabo de expoñer non quero dicir que os galegos falamos coma se tivésemos sempre música de gaita de fondo. En absoluto. Dispoñemos de todas as curvas de entoación que precisemos para expresar o que queiramos en casa momento, evidentemente. É moi importante a cuestión da acentuación: sempre acentuamos onde é debido e a intención non nos leva a imprimir forza nun final átono, é dicir, no que NON debe recaer o golpe de voz. Paso a expoñer exemplos prácticos, que se entenderán mellor:

Exemplo: [...] *“Mírame!”* É moi común en español trasladar o golpe de voz á última sílaba e acabar dicindo *“MíramÉ!”*. En galego iso resulta totalmente antinatural. [...] coidado de que os acentos recaian nas sílabas tónicas das palabras[...] . Con isto conseguiremos evitar lanzar calquera final de palabra e/ou frase, darémoslles a importancia que precisan as palabras e teremos xa o 50% da música ó noso favor.

VOCALISMO: Cando falamos en español, queiramos ou non, trasladamos as vogais tal como as dicimos en galego. [...] hai que ter iso en conta e facelo, sen caer na caricatura [...] E o mesmo pasa coas pechadas, aínda que se fagan menos evidentes ó facelas “neutras”.

“N” VELAR – “N” ALVEOLAR: A pronunciación do “n” delata no primeiro momento se unha persoa é galegofalante e/ou domina o idioma ou non. É un signo identificativo clarísimo. Hai que evitar

SEMPRE pronunciar un “n” alveolar [...] Cal é o “n” velar? O de palabras como “ángulo”, “angustia” (...). O “g” obríganos a velarizar ese “n”. Pois así deben ser todos os “n” na serie. Se hai que dicir: “Tropecé con un árbol” NON diremos “Tropecé conun árbol”. “Estoy bien, eh!” [...]

EN CANTO A CUESTIÓNS GRAMATICAIS E DE ESTILO:

[...]

VERBOS: As personaxes galegas non van utilizar formas compostas dos verbos [...] Tampouco abusaremos en ningún momento dos futuros simples: nós somos máis de “voy a ir” que de “iré”, de “le voy a decir” que de “le diré”, de “la voy a comprar” que de “la compraré”.

Apenas temos verbos pronominais e intentaremos eliminalos todos [...]

Nas perífrases verbais, cando hai pronomes, en español sempre tenden a engadírselle ó último verbo, unha construción allea ó galego [...] : “voy a dárselo”, “tiene que dárselo” [...] diremos: “se lo voy a dar”, “se lo tiene que dar” [...]

Hai certas personaxes que nin sequera utilizan os condicionais. [...] “Si no fuera por eso, no estaba aquí”. Algo moi habitual no galego que se traslada ó español, como está comprobado.

PRONOMES DE CD MASCULINO: [...] NON diremos: “le vi ayer”, “les encontré en el puerto”, [...] e SI diremos: “lo vi ayer”, “los encontré en el puerto”.

IMPROVISACIÓNS E TEXTO ENGADIDO

[...]

Para podermos improvisar temos que ter un control absoluto do idioma (...). Non nos podemos permitir meter algo en galego e colocar un pronome ó revés, inventar verbos, utilizar expresións do século XXI [...] non podemos perder a perspectiva de idioma-tempo-lugar.

[...] debemos manter en todo momento a perspectiva da audiencia á que vai dirixida a serie, hai que pensar máis alá da nosa fronteira. O que vou expoñer a continuación está valorado, estudado, consensuado e decidido como mellor para a serie, para a audiencia e, en definitiva, para todos.

Hai certas expresións que son “moi nosas” [...] Exemplos: “¿Y luego?” “¿Y luego qué quieres que le diga?” “No damos hecho”. “De aquella éramos más”. “Tanto me tiene lo que hagas” [...] non se entenden fóra. E se un espectador [...] non entende o que di unha personaxe, sobre todo en momentos relevantes, por unha parte perderá o fío e por outra seguramente cambiará de canal. [...] Hai expresións galegas, modismos e frases metidas polo medio, pero en momentos estudados que se entenden ben e/ou que non inflúen na fluidez da escena.

[...]

Independentemente [...] haberá casos [...] que contradigan nalgunha medida o exposto. Pero para iso estamos, para que o falemos e decidamos cal é a opción mellor desde a perspectiva e a profesionalidade.